

PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN

SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO DE MÉRITOS

O vindeiro 27 de decembro o Ministerio de Xustiza solicitou ao BOE a publicación das bases dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización, para o acceso pola quenda libre aos corpos de xestión, tramitación e auxilio, polo sistema de concurso de méritos, derivado da Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As disposicións 6ª e 8ª da lei 20/21 prevé, por unha soa vez, a realización deste proceso extraordinario polo sistema exclusivamente de concurso de méritos, debendo garantirse, en todo caso, os principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A experiencia, no corpo o que se opte, valorarase ata un 60% do total dos méritos. As titulacións e graos académicos de dereito primaran sobre o resto. Ós cursos de formación e exames aprobados en convocatorias anteriores limitaranse ós dez últimos anos. A nota de corte é o 15% da nota máxima posible.

Nesta convocatoria extraordinaria, non hai reserva de prazas para aquelas persoas con discapacidade.

O ter carácter aberto, permite presentarse aquelas persoas que xa posúan a condición de funcionario ou funcionaria, sempre que se presenten por un corpo distinto o que son titulares.

En total convócanse 705 prazas de xestión, 2095 de tramitación e 2115 de auxilio. So se pode presentar por un único ámbito territorial, non permitíndose o troco de ámbito territorial unha vez presentada a solicitude. No caso en que nalgún ámbito territorial puideran quedar prazas sen cubrir, prevese a posibilidade de ofertar as mesmas a aqueles aspirantes con mellor nota noutros ámbitos que houberan quedado sen praza.

As titulacións esixidas, a finalización do prazo de presentación de solicitudes, serán:

Para xestión: Grao, licenciatura, diplomado universitario ou tres cursos completos dunha licenciatura, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente.

Para tramitación: Bacharelato ou equivalente.

Para auxilio: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

Olo, a lei Orgánica 2/26 de 3 de maio e a Orde EDU/1630/2009 de 10 de xuño, establecen equivalencias entre os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Aquelas persoas que desexen participar, deberán cumprimentar, dentro dos vinte días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación no BOE, o modelo 790-código 007 “Solicitude de admisión a probas selectivas da Administración Pública e liquidación da taxa de dereitos de exame” que atoparán na web: www.administracion.gob.es ou a través do portal www.mjusticia.gob.es dentro da lapela “Cidadans” sección “Emprego Público”.

O pago das taxas farase vía electrónica <http://administracion.gob.es/PAG/ips> . Para xestión a taxa será de 23,33 euros, tramitación 15,57 e auxilio 11,66.

Estarán exentos do pago de taxas ou terán dereito a redución das mesmas, as persoas que teñan recoñecida o grao de discapacidade igual ou superior o 33%; aqueles que figuren como demandantes de emprego, durante polo menos un mes anterior a data da convocatoria; familias numerosas e as vítimas de terrorismo. Olo nalgún caso será preciso presentar documentación acreditativa da redución ou exención.

No prazo máximo dun mes, despois de rematado o prazo de admisión de solicitudes, publicarase no BOE as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, sinalándose un prazo de dez días naturais para corrixir.

Dentro do prazo de tres meses, unha vez publicada a relación definitiva de admitidos e excluídos, abrirase o prazo de vinte días naturais para a presentación de méritos, unha vez publicada a valoración provisional, abrirase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións, debendo rematar o proceso selectivo antes do 31 de decembro de 2024, conforme establece a lei 20/2021.

Valoración do coñecemento das linguas oficiais propias das comunidades autónomas e do dereito civil vasco, sempre co aspirante o houbera solicitado na súa instancia. A puntuación obtida, solo servirá a efectos de adxudicación de destinos na comunidade autonómica correspondente, e aquí poderá acreditarse mediante a aportación documental do coñecemento da lingua ou mediante a realización dun exercicio. Poderase facer de ámbalas maneiras, pero so se terá en conta a puntuación máis alta dunha das dúas.

Nas comunidades autónomas de Navarra, País Vasco, Comunidade Valenciana, Cataluña a acreditación documental do coñecemento da lingua será:

- Certificado de nivel B1 ou equivalente 6 puntos
- Certificado de nivel B2 ou equivalente 12 puntos
- Certificado de nivel C1 ou equivalente 18 puntos

En Galiza: Celga 4 (6 puntos), linguaxe xurídico medio (12 puntos) e linguaxe xurídico superior (18 puntos).



PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN

SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO DE MÉRITOS

PRAZAS OFERTADAS

ÁMBITO TERRITORIAL	XESTIÓN	TRAMITACIÓN	AUXILIO
Andalucía	37	106	142
Aragón	1	13	16
Asturias	6	21	26
Canarias	29	115	195
Cantabria	0	0	12
Cataluña	259	584	617
Comunidade Valenciana	35	111	68
Galicia	0	0	3
A Ríoxa	0	11	13
Madrid	66	282	227
Navarra	11	31	32
País Vasco	91	109	66
Total CCAA	535	1.383	1.417
Ministerio de Xustiza	170	712	698
Total	705	2.095	2.115

CONCURSO DE MÉRITOS

Será preciso obter un mínimo de 15 puntos para ser avaliado dun máximo de 100.

So serán avaliados ós cursos de formación feitos nos últimos 10 anos e ata a data de finalización do prazo de presentación de instancias. Aqueles de igual ou similar contido so se avaliarán unha vez. Ós de menos de 10 horas ou nos que non consten as horas non serán avaliados.

So se terán en conta aqueles exames aprobados nos últimos 10 anos, tanto da queda libre como da promoción interna.

	XESTIÓN	TRAMITACIÓN	AUXILIO
TÍTULOS E GRAOS ACADÉMICOS	<p>Puntuación máxima 10 ptos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Licenciatura en dereito 10 ptos - Grao + Máster xurídico 10 ptos - Grao en dereito 9 ptos <p><i>Das seguintes titulacións valoraranse un máximo de dúas:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Ciencias do traballo 4 ptos - Ciencias políticas e da admón. 4 ptos - Administración e xestión pública 4 ptos - Admón. e dirección de empresas 4 ptos - Criminoloxía 4 ptos - Diplomado en relacións laborais 3 ptos - Graduado social 3 ptos - 3 cursos completos de Lcdo en dereito 3 ptos - Calquera outro grao, licenciatura, etc 2 ptos 	<p>Puntuación máxima 10 ptos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Licenciatura en dereito 10 ptos - Grao + Máster xurídico 10 ptos - Grao en dereito 9 ptos <p><i>Das seguintes titulacións valoraranse un máximo de dúas:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Ciencias do traballo 4 ptos - Ciencias políticas e da admón. 4 ptos - Administración e xestión pública 4 ptos - Admón. e dirección de empresas 4 ptos - Criminoloxía 4 ptos - Diplomado en relacións laborais 3 ptos - Graduado social 3 ptos - 3 cursos completos de Lcdo en dereito 3 ptos - Calquera outro grao, licenciatura, etc 2 ptos 	<p>Puntuación máxima 10 ptos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Licenciatura en dereito 8 ptos - Grao + Máster xurídico 8 ptos - Grao en dereito 7 ptos <p><i>Das seguintes titulacións valoraranse un máximo de dúas:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Ciencias do traballo 3 ptos - Ciencias políticas e da admón. 3 ptos - Administración e xestión pública 3 ptos - Admón. e dirección de empresas 3 ptos - Criminoloxía 3 ptos - Diplomado en relacións laborais 3 ptos - Graduado social 3 ptos - 3 cursos completos de Lcdo en dereito 3 ptos - Calquera outro grao, licenciatura, etc 2 ptos <p><i>De non acreditarse ningunha das anteriores poderase obter puntuación por:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Bacharelato ou equivalente 3 ptos - Grado medio ou equivalente 3 ptos
HISTORIAL PROFESIONAL	<p>Cursos de formación máximo 8 ptos</p> <p><i>Xurídicos (máximo de 5,5 ptos)</i></p> <p><i>Informáticos (máximo 2,5 ptos)</i></p> <p>Entre 11 e 29 horas 1 pto</p> <p>Entre 30 e 59 horas 1,5 ptos</p> <p>Entre 60 e 119 horas 2 ptos</p> <p>Entre 120 ou máis horas 2,5 ptos</p>	<p>Cursos de formación máximo 8 ptos</p> <p><i>Xurídicos (máximo de 5,5 ptos)</i></p> <p><i>Informáticos (máximo 2,5 ptos)</i></p> <p>Entre 11 e 29 horas 1 pto</p> <p>Entre 30 e 59 horas 1,5 ptos</p> <p>Entre 60 e 119 horas 2 ptos</p> <p>Entre 120 ou máis horas 2,5 ptos</p>	<p>Cursos de formación máximo 8 ptos</p> <p><i>Xurídicos (máximo de 5,5 ptos)</i></p> <p><i>Informáticos (máximo 2,5 ptos)</i></p> <p>Entre 11 e 29 horas 1 pto</p> <p>Entre 30 e 59 horas 1,5 ptos</p> <p>Entre 60 e 119 horas 2 ptos</p> <p>Entre 120 ou máis horas 2,5 ptos</p>
EXAMES APROBADOS	<p>Puntuación máxima 22 ptos</p> <p><i>Cualificacións obtidas en Xestión</i></p> <p>5 puntos por nota do 50 ao 54,99%</p> <p>5,5 puntos por nota do 55 ao 59,99 %</p> <p>6 puntos por nota do 60 ao 64,99 %</p> <p>6,5 puntos por nota do 65 ao 69,99 %</p> <p>7 puntos por nota do 70 ao 74,99 %</p> <p>7,5 puntos por nota do 75 ao 79,99 %</p> <p>8 puntos por nota do 80 ao 84,99 %</p> <p>8,5 puntos por nota do 85 ao 89,99 %</p> <p>9 puntos por nota do 90 ou superior</p> <p><i>Cualificacións obtidas noutros corpos</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Se é dun corpo inferior ou especial 25% da anterior puntuación - Se é dun corpo superior 50% da anterior puntuación 	<p>Puntuación máxima 22 ptos</p> <p><i>Cualificacións obtidas en Tramitación</i></p> <p>5 puntos por nota do 50 ao 54,99%</p> <p>5,5 puntos por nota do 55 ao 59,99 %</p> <p>6 puntos por nota do 60 ao 64,99 %</p> <p>6,5 puntos por nota do 65 ao 69,99 %</p> <p>7 puntos por nota do 70 ao 74,99 %</p> <p>7,5 puntos por nota do 75 ao 79,99 %</p> <p>8 puntos por nota do 80 ao 84,99 %</p> <p>8,5 puntos por nota do 85 ao 89,99 %</p> <p>9 puntos por nota do 90 ou superior</p> <p><i>Cualificacións obtidas noutros corpos</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Se é dun corpo inferior ou especial 25% da anterior puntuación - Se é dun corpo superior 50% da anterior puntuación 	<p>Puntuación máxima 22 ptos</p> <p><i>Cualificacións obtidas en Auxilio</i></p> <p>5 puntos por nota do 50 ao 54,99%</p> <p>5,5 puntos por nota do 55 ao 59,99 %</p> <p>6 puntos por nota do 60 ao 64,99 %</p> <p>6,5 puntos por nota do 65 ao 69,99 %</p> <p>7 puntos por nota do 70 ao 74,99 %</p> <p>7,5 puntos por nota do 75 ao 79,99 %</p> <p>8 puntos por nota do 80 ao 84,99 %</p> <p>8,5 puntos por nota do 85 ao 89,99 %</p> <p>9 puntos por nota do 90 ou superior</p> <p><i>Cualificacións obtidas noutros corpos</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Se é dun corpo inferior ou especial 25% da anterior puntuación - Se é dun corpo superior 50% da anterior puntuación
SERVIZOS PRESTADOS	<p>Puntuación máxima 60 ptos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por cada mes completo en Xestión 0,20 ptos - Por cada mes completo no resto dos corpos 0,10 - Por cada mes completo como laboral 0,05 ptos 	<p>Puntuación máxima 60 ptos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por cada mes completo en Tramitación 0,20 ptos - Por cada mes completo no resto dos corpos 0,10 - Por cada mes completo como laboral 0,05 ptos 	<p>Puntuación máxima 60 ptos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por cada mes completo en Auxilio 0,20 ptos - Por cada mes completo no resto dos corpos 0,10 - Por cada mes completo como laboral 0,05 ptos